



### **Obxectivo da Asociación(1):**

Promover o achegamento ao portugués desde o galego.

### **Liñas que orientan o seu traballo:**

- A proximidade entre o galego e o portugués é un activo cultural, social e económico de enorme valor para Galiza. A Asociación nace para axudar a aproveitar as posibilidades reais deste sistema de comunicación, que é aínda máis importante na sociedade do século XXI, cando as fronteiras van perdendo capacidade de afastar a unhas xentes de outras.
- Queremos elixir camiños prácticos para acadar o noso obxectivo. Darase preferencia ao espazo da comunicación oral e ao traballo coa mocidade.
- Temos vontade de colaborar con todo tipo de persoas e organizacións, públicas e privadas. Nese senso, manifestamos a neutralidade da Asociación ante as diversas posturas de tipo político ou relativas ás normas ortográficas que existen na nosa terra. Desexamos evitar que debates deste tipo nos afasten do noso obxectivo, no que deberían poder confluír a maioría dos galegos.

(1) Inscrita Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia, nº 2019/023389-1ª.

Estes son algúns dos seus compromisos estatutarios:

- Os cargos da Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta.
- Os ingresos obtidos pola Asociación destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación ou a incrementar o seu patrimonio.
- En caso de liquidación da Asociación, destinarase o haber resultante aos fins previstos no acordo de disolución ou nos estatutos, que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.

# ENCHER DGAP É TAREFA COLECTIVA

Desexo dar-me de alta como membro da Asociación do Galego ao Portugués (DGAP)

Nome \_\_\_\_\_ Con DNI/NIF \_\_\_\_\_  
Enderezo \_\_\_\_\_ Código postal \_\_\_\_\_

Poboación \_\_\_\_\_

Teléfono móbil \_\_\_\_\_ Correo electrónico \_\_\_\_\_

Cotas mensuais.../trimestrais.../semestrais.../anuais...

cantidade € : 20... 30... 50... 100... 200... outra (indicar) .....

(sinalar prazo de cobro e importe cunha cruz detrás opción elixida)

AUTORIZA a DO GALEGO AO PORTUGUÉS-DGAP a cobrar as cotas de socio a través de domiciliación bancaria no número de conta:

ENTIDADE BANCARIA: \_\_\_\_\_

IBAN: ES \_ \_ \_ \_ \_

TITULAR DA CONTA: \_\_\_\_\_

NOME DO REPRESENTANTE LEGAL-----

DNI DO REPRESENTANTE -----

Sinatura

É imprescindible asinar Data \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

A autorización coa domiciliación pódese enviar por correo postal á ASOCIACIÓN DO GALEGO AO PORTUGUÉS-DGAP, apartado de correos 2330, 1500010 A Coruña OP ou por correo electrónico a [info@dgap.gal](mailto:info@dgap.gal)

NORMATIVA DE PROTECCIÓN DE DATOS.

En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e o seu regulamento de desenvolvemento RD1720/2007, indicámoslle que os datos que vostede nos proporcione de xeito voluntario serán incorporados a ficheiros automatizados e/ou manuais de tratamento de datos de carácter persoal. Estes ficheiros teñen como única finalidade a xestión asociativa por parte de DO GALEGO AO PORTUGUÉS-DGAP, titular dos mesmos. Os datos incorporados neles serán tratados de forma confidencial e só serán cedidos nos casos legalmente previstos. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación, por medio de escrito (achegando fotocopia do DNI) dirixido a: DO GALEGO AO PORTUGUÉS-DGAP apartado postal 2330, Coruña (código postal 1500010), ou por medio de correo electrónico a [info@dgap.gal](mailto:info@dgap.gal)